



# Workshop online Materiais para a captación de enerxía

Venres, 18 de xuño de 2021. De 10:30 a 12:30 h.



**A sociedade actual demanda enerxía procedente de fontes sostibles e diversas para atender as crecentes necesidades de consumo. Para logralo, é necesario optimizar os recursos destinados á captación limpa e eficiente de enerxía. Neste aspecto é crítico o desenvolvemento de novos materiais.**

Este workshop, dirixido a persoal técnico, profesionais independentes e empresas, comezará coa presentación dun informe de vixilancia tecnolóxica que reflicte o estado actual da investigación sobre estes materiais en Galicia.

A continuación, expoñeranse algúns dos proxectos desenvolvidos neste campo por tres centros de coñecemento galegos –AIMEN, CTAG

e CiQUS– e a proposta de CUPA PIZARRAS para a captación de enerxía solar mediante o emprego de lousa.

O workshop rematará coa presentación do último estudo estratéxico realizado pola empresa Materially sobre materiais destinados á captación de enerxía xa presentes nos mercados e cun alto nivel de innovación.

|               |   |
|---------------|---|
| 10:30-10:45 h | <b>Apertura e presentación da xornada. Presentación do informe de vixilancia tecnolóxica sobre o estado da arte dos materiais para a captación de enerxía en Galicia</b><br>María José Mariño. Directora Área de Centros da Axencia Galega de Innovación. |
| 10:45-11:00 h | <b>Materiais intelixentes capaces de recuperar enerxía. Proxecto INCOMESS</b><br>Cintia Mateo. Centro Tecnolóxico AIMEN   |
| 11:00-11:15 h | <b>Sistemas innovadores de xeración e recuperación de enerxía no automóbil</b><br>Raquel Ledo. Centro Tecnolóxico de Automoción de Galicia (CTAG)   |
| 11:15-11:30 h | <b>O captador solar en lousa natural. Sistema Thermoslate</b><br>Natalia Núñez. CUPA PIZARRAS, S.A.   |
| 11:30-11:45 h | <b>Novos materiais para baterías máis sostibles</b><br>María Giménez. Centro Singular de Investigación en Química Biolóxica e Materiais Moleculares (CiQUS)   |
| 11:45-12:15   | <b>Presentación informe estratéxico: Materiais para a captación e xestión de enerxía</b><br>Unai Etxebarria e Iker Agirre. Materially   |
| 12:15-12:30 h | <b>Preguntas, conclusións e peche da xornada</b>  |